



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

## CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

Expediente Subtel: 2026000013762

Referencia: BCONSER-CD / 2026

### **RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN NÚMERO 2026/17597 DE 24 DE ABRIL DE 2026, POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA ESTUDOS DE DANZA DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO ANO 2026**

**DON VALENTÍN GONZALEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

#### **RESOLVO:**

Modificar a Resolución número 2026/17597 de 24 de abril de 2026, pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria de bolsas para estudos de danza do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña no ano 2026, no senso de:

#### **Onde di:**

**Terceiro.-** Aprobar a convocatoria das bolsas para estudos de danza clásica do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña no ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo “Bases Reguladoras”.

O prazo iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará ás 14:00 horas do día 31 de maio de 2026.

(...)

#### **ANEXO – BASES REGULADORAS**

(...)

#### **4.- Lugar e prazo de presentación da solicitude e desistencia.**

As solicitudes presentarase de xeito telemático, a través da plataforma SUBTEL.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

O prazo de presentación das solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria das bolsas no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de

Subvencións e remata o día **31 de maio de 2026 ás 14:00 horas**. A concesión das bolsas tamén será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións.

(...)

ANEXO – EXTRACTO CONVOCATORIA

(...)

GALEGO

#### **Sexto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás **14:00 horas do 31 de maio de 2026**.

(...)

CASTELLANO

#### **Sexto. Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña y finalizará a las **14:00 horas del 31 de mayo de 2026**.

#### **Debe dicir:**

**Terceiro.-** Aprobar a convocatoria das bolsas para estudos de danza clásica do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña no ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo “Bases Reguladoras”.

O prazo iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará ás 14:00 horas do día 30 de xuño de 2026.

(...)

ANEXO – BASES REGULADORAS

(...)

#### **4.- Lugar e prazo de presentación da solicitude e desistencia.**

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma SUBTEL.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

O prazo de presentación das solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria das bolsas no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e remata o día **30 de xuño de 2026 ás 14:00 horas**. A concesión das bolsas tamén será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións.

(...)

#### ANEXO – EXTRACTO CONVOCATORIA

(...)

#### GALEGO

##### **Sexto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás **14:00 horas do 30 de xuño de 2026**.

(...)

#### CASTELLANO

##### **Sexto. Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña y finalizará a las **14:00 horas del 30 de junio de 2026**.

**Polo tanto, o texto da Resolución queda como sigue:**

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar as bases reguladoras de bolsas para estudos de danza do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza para o ano 2026, de acordo co texto transcrito no anexo.

**Segundo.-** Publicar as presentes bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Aprobar a convocatoria das bolsas para estudos de danza clásica do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña no ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo “Bases Reguladoras”.

O prazo iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará ás 14:00 horas do día 30 de xuño de 2026.

**Cuarto.-** Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través

do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Quinto.-** Aprobar o orzamento de gastos derivados da convocatoria, que ascenden a un total de **28.500 €**, con cargo á partida orzamentaria 0650/3261/481 do Orzamento Provincial do ano 2026, documento contable RC número 220260012429.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, infórmase de que a presente resolución esgota a vía administrativa, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta do mesmo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

## ANEXO - BASES REGULADORAS

### BASES REGULADORAS DE BOLSAS PARA ESTUDOS DE DANZA DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO ANO 2026

#### 1. Liñas xerais

##### 1.1.- Obxecto.

O obxecto das presente convocatoria é a concesión de bolsas de cursos de verán, para o perfeccionamento de estudos de danza do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza desta Deputación, con cargo á partida orzamentaria 0650/3261/481 do Orzamento Provincial do ano 2026, por importe total de 28.500 €.

##### 1.2.- Importes

As bolsas terán un importe mínimo de 100 €

A contía das bolsas establecerase en función dos seguintes criterios:

a) Importe da matrícula do curso: 80%

b) Importe fixo en concepto de axudas de custe e desprazamentos:

- Cursos de ámbito local: 80 €
- Cursos de ámbito provincial: 200 €
- Cursos de ámbito autonómico: 500 €
- Cursos de ámbito nacional: 1.300 €
- Cursos de ámbito internacional: 1.700 €

c) Importe máximo total de cada bolsa en función do ámbito territorial de realización do curso:

- Cursos de ámbito local: 200 €
- Cursos de ámbito provincial: 300 €
- Cursos de ámbito autonómico: 700 €
- Cursos de ámbito nacional: 2.000 €
- Cursos de ámbito internacional: 2.700 €

No caso de que a contía resultante da aplicación dos criterios citados sexa inferior a 100 €, denegarase a solicitude de bolsa.

##### 1.3.- Tramitación

As bolsas desta convocatoria tramitaranse de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL. O acceso á plataforma será a través da sede electrónica da Deputación da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/subtel>

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión e pago; incluíndo en cada unha delas, as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificaránselles ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

As resolucións desta convocatoria, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificaranse mediante publicación na sede electrónica da Deputación da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

## **2.- Solicitantes.**

Poderá participar na presente convocatoria de bolsas o alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña que queira realizar cursos de verán de danza, tanto en España como no estranxeiro no presente curso.

Para o caso das persoas menores de idade, o/a solicitante será sempre o/a menor, e o/a representante (persoa que obrigatoriamente presenta a solicitude neste caso) será o pai, nai ou titor/a legal do/a menor, que responsabilizarse de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/beneficiario/a da bolsa.

## **3.- Documentación.**

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma SUBTEL, accesible na sede electrónica da Deputación [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal).

Achegarase tamén a seguinte documentación:

3.1.- Currículo artístico do/a alumno/a solicitante.

3.2.- Explicación do curso para o que se solicita a bolsa: nome e enderezo do centro, denominación e duración do curso.

3.3.- Xustificante de matrícula no curso para o que se solicita a bolsa.

3.4.- Autorización ou oposición para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería Xeral da Seguridade Social nas que se acredite que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de non autorizar a consulta o/a solicitante deberá presentar as acreditacións de estar ao corrente das obrigas sinaladas.

3.5.- Declaración doutras axudas solicitadas para o mesmo fin.

3.6.- Declaración do/a titor/a legal de que se responsabiliza de todas as obrigas derivadas de que o/a alumno/a sexa titular/beneficiario/a dunha subvención pública.

O Conservatorio Profesional de Danza comprobará a matrícula no centro no presente curso do alumnado solicitante.

#### **4.- Lugar e prazo de presentación da solicitude e desistencia.**

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma SUBTEL.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

O prazo de presentación das solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria das bolsas no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e remata o día **30 de xuño de 2026 ás 14:00 horas**. A concesión das bolsas tamén será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións.

A Deputación publicará na sede electrónica a resolución das persoas solicitantes admitidas e excluídas, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

No prazo de 10 días desde a publicación da resolución, as persoas interesadas poderán formular reclamacións para emendar erros nas solicitudes non admitidas, transcorrido este prazo sen formular reclamacións considerarase que desisten da súa petición nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Será causa de desistencia da solicitude, non axustarse aos termos da convocatoria, ou o incumprimento dos requisitos establecidos nela.

No caso de que non se formulen reclamacións, a resolución provisional considerarase definitiva.

No caso de que se formulen reclamacións, deberanse resolver expresamente na resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas.

#### **5.- Composición do tribunal.**

A concesión das bolsas realizarase por resolución da Presidencia, despois da proposta do tribunal que será presidido pola deputada Delegada especial de Educación e Delegada especial de Mocidade, que actuará con voz pero sen voto, e formarán parte del a dirección do Conservatorio Profesional de Danza e dous profesionais da danza.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Deputación ou persoa na que delegue.

A composición do tribunal, nomeado mediante resolución da presidencia, publicarase no taboleiro de anuncios, na sede electrónica da Deputación da Coruña con anterioridade á súa reunión, coa finalidade de que se poida promover, se é o caso, a recusación dos seus membros.

#### **6.- Concesión**

Para a concesión das bolsas teranse en conta os seguintes aspectos que se valorarán segundo se indica:

- 6.1.- O currículo académico e o nivel artístico (cualificacións, etc.): ata 50 puntos.
- 6.2.- A importancia e a duración do curso para o que se solicita a bolsa: ata 25 puntos.
- 6.3.- O informe da dirección do Conservatorio Profesional de Danza: ata 25 puntos.

As bolsas serán outorgadas por orde de puntuación en función do crédito dispoñible de acordo co seguinte:

- Cursos de ámbito local: 10 bolsas
- Cursos de ámbito provincial: 3 bolsas
- Cursos de ámbito autonómico: 6 bolsas
- Cursos de ámbito nacional: 8 bolsas
- Cursos de ámbito internacional: 3 bolsas

En caso de renuncia ou ausencia de solicitudes para un determinado ámbito poderase destinar o crédito dispoñible a solicitantes suplentes, incrementando se fose necesario o número de bolsas destinadas a outros ámbitos.

A resolución da convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia, darase a coñecer na sede electrónica da Deputación (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>) e no taboleiro de anuncios do Conservatorio Profesional de Danza, e producirá os efectos de notificación para as persoas interesadas.

Contra a resolución que porá fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa notificación ou o recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, dende o día seguinte ao da súa notificación de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen que poidan interpoñerse simultaneamente ambos os dous recursos.

## **7.- Pagamento.**

As bolsas aboaranse nun único pago, coa retención que corresponda en concepto de IRPF, despois da presentación da seguinte documentación:

A) Certificación de ter realizado o curso para o que se solicita a bolsa. A certificación será presentada a través da plataforma Subtel realizando o trámite mediante a acción “**Xustificación**”.

B) Cando non se achegase anteriormente, ou no caso de variación dos datos xa achegados, certificación orixinal de datos bancarios do/a solicitante, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña. A comunicación de datos bancarios será aportada a través da plataforma Subtel, realizando o trámite mediante a acción “**Documentación adicional**”. O/A titular da conta bancaria ten que ser o/a alumno/a solicitante. Modelo oficial dispoñible no apartado “Impresos Oficiais” – “Xerais” da web: [www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais](http://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais)

Para a percepción do importe da bolsa, a persoa beneficiaria deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así mesmo, deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

A concesión e pagamento das bolsas serán publicados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

## **8- Obrigas dos/as bolseiros/as.**

Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A persoa que presenta a solicitude deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións dirixiranse a ese enderezo. Excepcionalmente e de forma xustificada, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificar a devandita circunstancia á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- a persoa que solicite a bolsa, **ou**
- a persoa que a represente perante a Deputación (se é distinta da que solicita a bolsa)

Estas bolsas serán incompatibles con calquera outra axuda pública ou privada para o mesmo fin. Serán compatibles coas bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos da área de danza e artes do movemento desta Deputación e cos premios á excelencia na danza clásica do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza.

O prazo para a xustificación das bolsas rematará o **31 de outubro de 2026 ás 14:00 horas**.

Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior, sen que se acredite a realización do curso para o que foi concedida a bolsa, notificarase requirimento á persoa beneficiaria concedéndolle un prazo improrrogable de quince días para que proceda á correspondente presentación. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda ao dereito de cobro da bolsa outorgada.

## **9. Protección de datos persoais**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>)

### **Disposición adicional primeira**

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor dos/as solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

### **Disposición adicional segunda**

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

### **Disposición final**

Para os casos non previstos nas presentes bases, será de aplicación a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e as Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación da Coruña do ano 2026.

## ANEXO - EXTRACTO CONVOCATORIA

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria de “ Bolsas para estudos de danza do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña no ano 2026”. O texto completo do programa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **Primeiro. Beneficiarios**

Poderá participar na presente convocatoria de bolsas o alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña que queira realizar cursos de verán de danza, tanto en España como no estranxeiro, no presente curso.

Para o caso das persoas menores de idade, o/a solicitante será sempre o/a menor, e o/a representante (persoa que obrigatoriamente presenta a solicitude neste caso) será o pai, nai ou titor/a legal do/a menor, que responsabilizarase de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/beneficiario/a da bolsa.

### **Segundo. Obxecto.**

O obxecto das presente convocatoria é a concesión de bolsas de cursos de verán, para o perfeccionamento de estudos de danza do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza desta Deputación.

### **Terceiro. Bases reguladoras**

A convocatoria rexerese polas bases reguladoras, publicadas no BOP.

### **Cuarto. Contía**

O importe da consignación ascende a un total de 28.500 €, con cargo á partida 0650/3261/481 do Orzamento Provincial para 2026.

### **Quinto. Criterios de valoración**

Os criterios de valoración das solicitudes son os establecidos na base 6 das bases reguladoras.

### **Sexto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás **14:00 horas do 30 de xuño de 2026**.

### **Sétimo. Prazo de xustificación**

O prazo de xustificación das bolsas rematará o 31 de outubro de 2026 ás 14:00 horas.

### **Outros datos**

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

## CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria de “Becas para estudios de danza del alumnado del Conservatorio Profesional de Danza de la Diputación de A Coruña para el año 2026”. El texto completo de la convocatoria puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones.

### **Primero. Beneficiarios**

Podrá participar en la presente convocatoria de bolsas el alumnado del Conservatorio Profesional de Danza de la Diputación de A Coruña que quiera realizar cursos de verano de danza, tanto en España como en el extranjero, en el presente curso.

Para el caso de las personas menores de edad, el/la solicitante será siempre el/la menor, y el representante (persona que obligatoriamente presenta la solicitud en este caso) será el padre, madre o tutor/a legal del/de la menor, que se responsabilizará de todos los deberes derivados de que su hijo/a sea titular/beneficiario/a de la beca.

### **Segundo. Objeto**

El objeto de la presente convocatoria es la concesión de becas de cursos de verano, para el perfeccionamiento de estudios de danza del alumnado del Conservatorio Profesional de Danza de esta Diputación.

### **Tercero. Bases reguladoras**

La convocatoria se regirá por las bases reguladoras, publicadas en el BOP.

### **Cuarto. Cuantía**

El importe de la consignación asciende a un total de 28.500 €, con cargo a la partida 0650/3261/481 del Presupuesto Provincial para 2026.

### **Quinto. Criterios de valoración**

Los criterios de valoración de las solicitudes son los establecidos en la base 6 de las bases reguladoras.

### **Sexto. Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña y finalizará a las **14:00 horas del 30 de junio de 2026**.

### **Séptimo. Plazo de justificación**

El plazo de justificación de las becas terminará el 31 de octubre de 2026 a las 14:00 horas.

### **Otros datos de interés**

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña.